



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 4 de AGOSTO de 2022 (1165/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e vinte e cinco minutos do día catro de agosto de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(659).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 22 de xullo e extraordinaria e urxente do 26 de xullo de 2022. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(650).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE "SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE PROXECTOS RELACIONADOS COA INVESTIGACIÓN, A INNOVACIÓN E O EMPREGO" ANO 2022. EXPTE. 19116/77.**

Visto o informe de fiscalización do 28/07/2022, dáse conta do informe-proposta do 22/07/2022, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## **I. Obxecto da subvención:**

As presentes bases reguladoras e convocatoria de subvencións para o fomento do emprego, tenen por obxecto a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas económicas para o desenvolvemento de proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego a entidades sen ánimo de lucro, que se realicen como máximo entre o 01 xaneiro e o 30 de setembro de 2022.

## **II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:**

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

Neste marco normativo, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a *continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Participación Cidadá e Emprego.

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

## **III. Beneficiarias:**

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria.

## **IV. Finalidade:**

Estas axudas están dirixidas a que mediante a investigación e a innovación, se fomenta o desenvolvemento de proxectos de investigación e innovación, preferentemente relacionadas co sector secundario, que poidan dar lugar a xeración de emprego e permitan:

- Facilitar a adquisición de experiencia no ámbito da investigación e a innovación en sectores de interese para o emprego en Vigo e Galicia.
- Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.
- Fomentar a investigación e o desenvolvemento de proxectos que melloren a actividade económica, preferentemente do sector secundario, cara a incidir na mellora real e o incremento do emprego.



## Concello de Vigo

### V. Procedemento de concesión da subvención:

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva.

### VI. Tramitación:

As novidades introducidas nas bases reguladoras respecto de anteriores convocatorias son as seguintes:

- Na Base 1ª referente ao Obxecto, modifícase o prazo máximo imputable de execución dos proxectos, pasando a ser do 01 de xaneiro ao 30 de setembro.
- Engádesse na Base 9ª nova documentación a aportar, que consiste nunha Certificación asinada polo/a secretario/a ou persoa habilitada para o efecto pola entidade na que se indique a relación de persoas contratadas no proxecto presentado contratadas con cargo a esta subvención (función, nome, apelidos, DNI e data de inicio do contrato).
- Na Base 10ª, a petición de Intervención, especificase a puntuación para cada un dos subapartados do apartado 1. A puntuación mínima para poder avaliar o proxecto pasa a ser de 5 puntos.
- Nos criterios de valoración da Base 10ª no apartado 2., modifícase a puntuación relativa a proxectos de enerxía renovables, pasando de 4 a 5 puntos. Ademais, nesta Base engádesse un apartado 4. onde valora cada contratación levada a cabo neste proxecto con cargo á subvención cun punto (1 punto por contrato).
- Na Base 13ª engádesse a maiores respecto a convocatorias anteriores a seguinte documentación:
  - 1º) Declaración responsable asinada electronicamente (Anexo VIII) na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.
  - O Anexo VIII de anteriores convocatorias desaparece e figura no seu lugar os Anexos X e XI, onde se detallan custos salariais e de Seguridade Social no primeiro e os outro custos (financieros e de xestión) no segundo.

E aclárase que na Memoria de Actividades realizadas, os contratos presentados deben estar debidamente rexistrados no SEPE.

### VII. Normativa de aplicación:

De acordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto, de acordo co disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2020 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto - resulta de aplicación para a elaboración das presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2020 as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### VIII. Tramitación electrónica:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese o emprego, de xeito

exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar estas solicitudes de subvención xunto coa documentación complementaria, a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

No caso de que se achegue a solicitude ou a documentación complementaria presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a subsanación.

Así mesmo e, a tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, as entidades beneficiarias achegarán a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a presentación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

#### **IX. Contía total e crédito orzamentario:**

- a) A contía total destinada a estas subvencións serán como máximo de 40.000 € (corenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800008 “Axudas desenvolvemento de proxectos investigación relacionados ca investigación”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.
- b) O importe máximo da subvención ou axuda será de 15.000,00 €, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade ou actuación subvencionada.
- c) A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coas entidades destinatarias da convocatoria.

#### **X. Publicidade:**

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do emprego mediante proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego” en:



## Concello de Vigo

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación, segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

### **XI. Órgano competente:**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local. Xa que logo, de conformidade co disposto na vixente LRBRL e de acordo coas delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, correspóndelle á Xunta de Goberno Local a adopción do presente acordo.

### **XII. Recursos:**

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

De conformidade co anteriormente exposto, a tenor do previsto nas bases reguladoras da subvención, do artigo 23.3 da Lei de Subvencións de Galicia, e nos termos e condicións, alcance e contido dos informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Aprobar o gasto por importe de 40.000,00 € (corenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4800008 “Axudas desenvolvemento de proxectos investigación relacionados ca investigación”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2022.

**SEGUNDO:** Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma, as Bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para o fomento do emprego mediante proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego" correspondentes ao ano 2022 e os modelos de formularios oficiais, que se achegan ao presente acordo.

**TERCEIRO:** Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para o fomento do Emprego mediante proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego" e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).
- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) a disposición dos usuarios.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE PROXECTOS RELACIONADOS COA INVESTIGACIÓN, A INNOVACIÓN E O EMPREGO.**

### **Base 1ª.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIÓNS**

#### **Obxecto:**

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Cultura e Emprego do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas para o desenvolvemento de proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego a entidades sen ánimo de lucro, que se realicen como máximo entre o **1 xaneiro e o 30 de setembro de 2022**.

#### **Finalidade:**

Estas axudas están dirixidas a que mediante a investigación e a innovación, se fomenta o desenvolvemento de proxectos de investigación e innovación, preferentemente relacionadas co sector secundario, que poidan dar lugar a xeración de emprego e permitan:

- Facilitar a adquisición de experiencia no ámbito da investigación e a innovación en sectores de interese para o emprego en Vigo e Galicia.
- Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.
- Fomentar a investigación e o desenvolvemento de proxectos que melloren a actividade económica, preferentemente do sector secundario, cara a incidir na mellora real e o incremento do emprego.



## Concello de Vigo

### Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria.

### Base 2ª.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarias as entidades, sen ánimo de lucro, que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que estean debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria,
3. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases, e que veñan desenvolvendo actividades de investigación e innovación en proxectos relacionados coa industria, cando menos 6 meses antes da publicación da convocatoria.
4. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acrediten a experiencia e capacidade necesaria para acadalos.
5. Que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social. A/s interesada/s poderá/n autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para o cal achegarán o **Anexo VI** cumprimentado e asinado electronicamente. Noutro caso, será preciso achegar a/s oportuna/s **certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.
6. Acompañar á solicitude a documentación preceptiva detallada na Base novena desta convocatoria.
7. Que as persoas físicas que ostentan a representación legal das entidades beneficiarias e os seus membros asociados, non estean incursas nalgún dos supostos de prohibición ou circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.

### Base 3ª.- GASTOS SUBVENCIONABLES

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubitado, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

A efectos desta subvención, sempre e cando se acredite a realización dos gastos de funcionamento e difusión necesarias para o desenvolvemento do proxecto, e das actividades que motivan a súa concesión, considéranse gastos subvencionables os realizados dentro dos prazos establecidos na convocatoria entre os meses de **1 xaneiro e o 30 de setembro de 2022**, que se revelen como obxectivamente necesarios para que a/as entidade/s poidan cumprir os fins que lle son propios ou derivados especificamente das contratacións de persoal e gastos de funcionamento realizadas para o desenvolvemento das actividades programadas, e que teñan acomodo no obxecto de convocatoria:

- Custes salariais derivados do persoal contratado e/ou da entidade con cargo a subvención.
- Custes de seguridade social a cargo da entidade do persoal contratado e/ou da entidade con cargo a subvención.
- Gastos financeiros e de xestión relacionados coa posta en marcha do proxecto presentado.

- Gastos de difusión, publicidade e asistencia a eventos.
- Gastos de aluguer de locais e maquinaria.
- En xeral todos aqueles necesarios para a execución do proxecto ou proxectos presentados.

En ningún caso serán subvencionables:

- intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- os gastos de procedementos xudiciais

Tampouco se considerarán como gastos subvencionables incluídos entre os custos salariais obxecto da subvención, os seguintes:

- a) A indemnización prevista polo artigo 49.1.c) do Estatuto dos traballadores.
- b) Os incentivos e complementos extrasalariais que non formen parte da base de cotización.
- c) As vacacións pagadas, pero non disfrutadas.
- d) As horas extras ou traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo.

En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

#### **Base 4ª.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

- a) A contía total destinada a estas subvencións serán como máximo de 40.000 € (corenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800008 “Axudas desenvolvemento de proxectos investigación relacionados ca investigación”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.
- b) O importe máximo da subvención ou axuda será de 15.000,00 €, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade ou actuación subvencionada.
- c) A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

#### **Base 5ª.- ANTICIPO A CONTA.**

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificando a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coas entidades destinatarias da convocatoria.

#### **Base 6ª.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIONS**

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD





## Concello de Vigo

887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

De existir no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento da contratación e de gastos subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria.

### Base 7ª.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS BENEFICIARIAS

As beneficiarias das subvencións conforme á presente normativa, están obrigadas a:

1. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións da convocatoria.
2. Acreditar que se realizaron os gastos subvencionados asumindo as obrigas e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
3. Para os efectos de difusión pública, en todos os lugares onde se realicen as actividades, deberá figurar de forma visible, cartel informativo no que constará o financiamento do Concello de Vigo, segundo o Anexo VII aprobado nesta convocatoria e que estará a disposición no departamento de Desenvolvemento Local e Emprego para todas aquelas persoas que o soliciten. Así mesmo, na páxina web e/ou nas redes sociais, ata a finalización do ano 2022, publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no financiamento dos gastos.
4. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira.
5. Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
6. Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.
7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.
8. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nesta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.
9. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
10. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
11. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.
12. Cumprir cos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

### Base 8ª.- PRAZO E PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), **estabéllese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e **asinadas electronicamente**.

Cada entidade poderá presentar unha solicitude.

### **BASE 9ª.- DOCUMENTACIÓN**

A documentación complementaria deberá **achegarse asinada electronicamente e remitirse a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo**. Os solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes xuntarán á solicitude a documentación que se indica a continuación:

- a) **Anexo I** "Solicitude": Unha solicitude de participación, con expresión, segundo proceda, de:
  - datos da entidade solicitante
  - datos do/a representante legal
  - identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar) e/ou dunha dirección de correo electrónico, que servirán para o envío dun aviso de notificación de posta a disposición das notificacións electrónicas.
  - domicilio a efectos de notificación
  - datos do proxecto (contía solicitada)
  - **sinatura electrónica**
  
- b) **Anexo II**: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos **asinada electronicamente**.
  
- c) **Anexo III**: Ficha de solicitude de transferencia bancaria ou certificación bancaria **asinada electronicamente**.
  
- d) **Anexo IV**: Declaración responsable das axudas solicitados e/ou concedidas **asinada electronicamente**.
  
- e) **Anexo V**: "Memoria do proxecto de contratacións, actividades e metodoloxía a empregar no proxecto a realizar" **asinado electronicamente**.
  
- f) **Anexo VI: Autorización expresa para a consulta e verificación de datos** polo Concello de Vigo, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesourería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Vigo. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.



## Concello de Vigo

g) **Anexo VII:** cartel informativo no que constará o financiamento do Concello de Vigo.

h) **Certificación asinada polo/a secretario/a** ou persoa habilitada para o efecto pola entidade na que se indique a relación de persoas contratadas no proxecto presentado contratadas con cargo a esta subvención (función, nome, apelidos, DNI e data de inicio do contrato).

i) Calquera outra comunicación de **modificación ou actualización de datos da entidade** que consideren relevante (declaración de utilidade pública, honras, distincións...), podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.

O/a solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou recabar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recabar os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

### Base 10ª.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións, terase en conta:

1. Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto. **Ata 20 puntos.**
  - a) Valorarase o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:
    - Que sexan capaces de xerar grupos de innovación na actividade económica de Vigo e o seu entorno, ou programas estables de innovación e investigación fronte a accións puntuais. **9 puntos.**
    - Que se baseen na análise das necesidades existentes no entorno económico e laboral e, que teñan viabilidade técnica. **6 puntos.**
    - Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede. **5 puntos.**

No caso de que o proxecto de actividades non obteña a **puntuación mínima de cinco (5) puntos** por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.
2. Áreas económicas relacionado co proxecto:
  - a) Tecnoloxías da comunicación **5 puntos**
  - b) Automoción **5 puntos**
  - c) Industria naval **5 puntos**

- |                               |                 |
|-------------------------------|-----------------|
| d) Enerxías renovables        | <b>5 puntos</b> |
| e) Biotecnoloxía              | <b>4 puntos</b> |
| f) Outras áreas e/ou sectores | <b>2 puntos</b> |
3. Uso da lingua galega no/s proxecto/s **5 puntos.**
4. Número de persoas contratadas con cargo a esta subvención:
- a) **1 punto** por cada contrato.

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes nos Servizos da área de Cultura e Emprego do Concello de Vigo.

### **BASE 11<sup>a</sup>.- PREAVALIACIÓN DAS SOLICITUDES E SUPOSTOS DE DESESTIMACIÓN**

Nesta fase de preavaliación, verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións.

Unha vez examinada a documentación achegada polas entidades, desestimaranse as seguintes solicitudes:

1- Cando as actividades que se pretenden fomentar, segundo memoria achegada:

- Non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.
- Supoñan a edición de documentos internos ou externos de signo exclusivamente propagandístico.
- Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- Actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
- Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos e finalidades da convocatoria.
- Cando non se axuste á solicitude o proxecto de actividades que fundamentan a concesión da subvención.

2- Con carácter xeral:

- Aquelas que non cumpran cos requisitos establecidos na Base 2<sup>a</sup> desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarias.
- Aquelas que non tivesen achegado a correspondente/s renuncia/s cando proceda, no exercicio orzamentario anterior á presente convocatoria.
- Aquelas solicitudes para Programas que comprenden gastos subvencionables que xa foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo ou subvencionados pola Concellería de Cultura e Emprego, no vixente exercicio orzamentario.

### **BASE 12<sup>a</sup>.- PROCEDIMENTO: INSTRUCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA**

1.- Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

2.- O Servizo de Desenvolvemento Local, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue



## Concello de Vigo

os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos/as de Desenvolvemento Local, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.- A avaliación das solicitudes de subvención de cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola **Comisión de Valoración**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Área de Cultura e Emprego ou concelleiro en quen delegue.
- 2 Vogais: O/a xefe/a de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e un/unha técnico/a do mesmo.
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

5- As solicitudes avaliaranse con arreglo á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Décima, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluíra unha relación na que se indicarán todos/as as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **nove meses** contados a partir da publicación desta convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

7- A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

8- **Dende o día seguinte á recepción da notificación da resolución**, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a **aceptación ou renuncia** da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tácitamente aceptada.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

9- O vencemento do prazo máximo sen terse dictado e notificado a resolución expresa, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

10- Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

11.- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Cultura e Emprego no vindeiro exercicio orzamentario.

### **Base 13ª.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA**

As beneficiarias deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, para o cal disporán dun prazo de **quince (15) días** a contar desde o remate das accións do proxecto subvencionado, e que finalizará, en todo caso, o **31 de outubro de 2022**.

A tal efecto deberá achegar electronicamente unha **conta xustificativa** que estará integrada pola documentación que se indica a continuación:



## Concello de Vigo

**1º) Declaración responsable asinada electronicamente (Anexo VIII)** na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.

**2º) Memoria de actividades realizadas asinada electronicamente (Anexo IX)**, conforme ao proxecto achegado coa solicitude, no que fundamentaron a concesión da/s subvención/s realizadas, e na que deberá figurar, como mínimo, e para cada unha delas, a seguinte información:

- Denominación
- Financiamento.
- Contratacións realizadas:
  - Novas contratacións:
    - Denominación do/s posto/s.
    - Perfís profesionais
    - Persoas contratadas.
    - Período de contratación.
    - Xornada laboral indicando horarios de desenvolvemento das actividades.
- Contratos do persoal, debidamente rexistrados no SEPE, da entidade para o desenvolvemento do proxecto:
  - Denominación do posto.
  - Perfil profesional.
  - Persoa asignada ao proxecto.
  - Período de traballo.
  - Xornada laboral indicando horarios de desenvolvemento das actividades.
- Nos cursos de formación realizados ao persoal contratado con cargo a subvencións explicitarase:
  - Programa do curso.
  - Horas de formación.
  - Identificación dos participantes e do monitor/a con apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
- Actuacións realizadas por persoal contratado con cargo á subvención.
  - Datas e lugar de celebración.
  - Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
- Material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada co fomento do emprego.
- Memoria de prensa e comunicación.
- Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado do lugar de traballo e na páxina web da entidade ou en calquera outra na que se difundan as actividades desenvolvidas polo persoal contratado e/ou asignado con cargo á subvención, do logotipo e/ou cartel oficial da convocatoria do Concello de Vigo, e para cada unha das actividades levadas a cabo, a difusión pública do cofinanciamento, en todo caso, para a actividades executadas con posterioridade á presentación das solicitudes de subvencións.

**3º) Memoria económica:** as entidades beneficiarias achegarán a través da sede electrónica unha memoria económica **asinada electronicamente en .pdf** coa relación dos **custos salariais e de seguridade social (Anexo X – folla de cálculo** que ademais remitirán por correo electrónico a [ofi.emplo@vigo.org](mailto:ofi.emplo@vigo.org)), así coma dos **outros custos** (gastos financeiros e de xestión), segundo o modelo a disposición na sede electrónica (**Anexo XI - folla de cálculo**, que tamén remitirán por correo electrónico a [ofi.emplo@vigo.org](mailto:ofi.emplo@vigo.org)), que incluírá unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos, á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electronicamente das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente. Indicarán o

importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e doutras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada:

- **Custos salariais:** para a xustificación das retribucións de persoal achegarán a seguinte documentación:

- Contrato de traballo do/s novo/s traballador/es contratados debidamente rexistrados no SEPE.
- Contrato de traballo e/ou vida laboral do persoal da entidade con cargo á subvención.
- Nóminas correspondente aos meses imputados.
- Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (xunto co seu xustificante de pago) e Relación nominal de traballadores.
- Modelo 111 (Impreso da liquidación nominal do IRPF) (xunto cos xustificantes do seu pagamento).
- Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións).

- **Outros custos:** reflectiranse na táboa correspondente do **Anexo XI** todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

- En caso de exención do IVE achegarase unha declaración responsable asinada electronicamente pola entidade de non dedución do IVE (**Anexo XII**) ou, no seu defecto, o acordo de exención do IVE correspondente.

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

4º) **A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias** (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade non autorizou ao Concello para a súa expedición por medios telemáticos deberá achegar de novo os certificados correspondentes ou a declaración responsable naqueles supostos previstos no artigo 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

5º) Para o caso de que a entidade beneficiaria declare **ter recibido outras subvencións** para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica da resolución de concesión das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

#### **Base 14ª.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONS**

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederase a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para a súa subsanación ou entrega,





## Concello de Vigo

transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 21 da Lei 39/2015, de 01 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O persoal técnico do Servizo, será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou daquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación ou desistimento da solicitude, así como, a renuncia á subvención.

### **Base 15ª.- OBRIGA DE INFORMACIÓN**

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, en relación aos expedientes de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura e Emprego así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

### **Base 16ª.- ABOAMENTO**

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

Antes de proceder ao pago das subvencións, comprobarase que a entidade beneficiaria está ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, tal e como se indica na Base 13ª.

Así mesmo, deberá comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

### **Base 17ª.- PERDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONS. RÉXIME DE INFRACCIONS E SANCIONS**

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, por ende, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido.
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Terceira.**
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- Adopción de medidas de difusión do financiamento público recibido nos termos previstos nestas Bases
- Ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación total ou parcial da subvención, adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade, co seguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo.

No caso de que, por concorrencia de subvencións, a contía das axudas superen o custe do proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o previsto nas Lei 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

#### **Base 18ª.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais



## Concello de Vigo

automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

### Base 19ª.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2022, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### Base 20ª.- PUBLICIDADE.

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do emprego mediante proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación, segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

## CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE PROXECTOS RELACIONADOS COA INVESTIGACIÓN, A INNOVACIÓN E O EMPREGO 2022.

### Primeiro. Obxecto e Finalidade.

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Cultura e Emprego do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas para o desenvolvemento de proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego a entidades sen ánimo de lucro, que se realicen como máximo entre o **1 xaneiro e o 30 de setembro de 2022**. A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é que mediante a investigación e a innovación, se fomenta o desenvolvemento de proxectos de investigación e innovación, preferentemente relacionadas co sector secundario, que poidan dar lugar a xeración de emprego e permitan:

- Facilitar a adquisición de experiencia no ámbito da investigación e a innovación en sectores de interese para o emprego en Vigo e Galicia.
- Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.

Fomentar a investigación e o desenvolvemento de proxectos que melloren a actividade económica, preferentemente do sector secundario, cara a incidir na mellora real e o incremento do emprego.

### **Segundo. Beneficiarias.**

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria.

### **Terceiro. Réxime da convocatoria.**

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva.

### **Cuarto. Normativa e bases reguladoras.**

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2022, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### **Quinto. Contía das axudas.**

- a) A contía total destinada a estas subvencións serán como máximo de 40.000 € (corenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800008 "Axudas desenvolvemento de proxectos investigación relacionados ca investigación", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.
- b) O importe máximo da subvención ou axuda será de 15.000,00 €, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade ou actuación subvencionada.
- c) A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

### **Sexto. Prazo de presentación de solicitudes.**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), **establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións



## Concello de Vigo

(BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e **asinadas electronicamente**. Cada entidade poderá presentar unha solicitude.

### **Sétimo. Órganos competentes para a instrución, resolución do procedemento e notificación.**

1.- Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

2.- O Servizo de Desenvolvemento Local, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos/as de Desenvolvemento Local, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.- A avaliación das solicitudes de subvención de cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola **Comisión de Valoración**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Área de Cultura e Emprego ou concelleiro en quen delegue.
- 2 Vogais: O/a xefe/a de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e un/unha técnico/a do mesmo.
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

5- As solicitudes avaliaranse con arreglo á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Décima, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **nove meses** contados a partir da publicación desta convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

7- A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**8- Dende o día seguinte á recepción da notificación da resolución**, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a **aceptación ou renuncia** da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tácitamente aceptada.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

9- O vencemento do prazo máximo sen terse dictado e notificado a resolución expresa, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

10- Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.



## Concello de Vigo

11.- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Cultura e Emprego no vindeiro exercicio orzamentario.

### Oitavo. Criterios de valoración.

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións, terase en conta:

1. Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto. **Ata 20 puntos.**
  - a) Valorarase o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:
    - Que sexan capaces de xerar grupos de innovación na actividade económica de Vigo e o seu entorno, ou programas estables de innovación e investigación fronte a accións puntuais. **9 puntos.**
    - Que se baseen na análise das necesidades existentes no entorno económico e laboral e, que teñan viabilidade técnica. **6 puntos**
    - Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede. **5 puntos**No caso de que o proxecto de actividades non obteña a **puntuación mínima de cinco (5) puntos** por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.
2. Áreas económicas relacionado co proxecto:
  - a) Tecnoloxías da comunicación **5 puntos**
  - b) Automoción **5 puntos**
  - c) Industria naval **5 puntos**
  - d) Enerxías renovables **5 puntos**
  - e) Biotecnoloxía **4 puntos**
  - f) Outras áreas e/ou sectores **2 puntos**
3. Uso da lingua galega no proxecto/s **5 puntos.**
4. Número de persoas contratadas con cargo a esta subvención:
  - a) **1 punto** por cada contrato.

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes nos Servizos da área de Cultura e Emprego do Concello de Vigo.

### Noveno. Outros datos.

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) do Concello de Vigo.

#### **Décimo. Publicación.**

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para o fomento do emprego mediante proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego" en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación, segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

### **3(651).- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN INTERINA EN RÉXIME LABORAL DE TRES OFICIAIS CONDUTORES PARA O PARQUE MÓBIL. EXPTE. 39883/220.**

Visto o informe de fiscalización do 27/07/2022, dáse conta do informe-proposta do 20/07/2022, asinado pola técnica de Administración Xeral da Área de Recursos Humanos e Formación (Resolución 15/07/2022) e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I.- En data de sinatura electrónica, o Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, coa conformidade do concelleiro-delegado competente, presenta escrito manifestando a urxente necesidade de cobertura interina en réxime laboral de polo menos as tres prazas de oficial condutor incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2018 pendente de execución.

II.- En data de sinatura electrónica, emítase informe técnico, no que, entre outras circunstancias consta que *"Segundo consta no informe administrativo de verificación de datos sobre postos vacantes, emitido en data 22/04/2022, no Parque Móbil constan vacantes os 3 postos de Oficial Conductor solicitados.*





## Concello de Vigo

*No informe técnico de interinos con cargo a vacante anexado ao expediente, non consta persoal laboral-temporal coa categoría de oficial condutor contratado interinamente en réxime laboral ocupando as referidas prazas.*

*Aos efectos de poder incoar expediente para a cobertura temporal das vacantes referidas, infórmase que na Oferta Emprego Público de 2018 (BOPPO nº 227 de 26 de novembro), constan incluídos 3 oficiais condutores con vínculo laboral, polo que pódese cubrir interinamente con cargo a referida OEP.”.*

**III.-** En resposta a esta petición, a Concelleira-Delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, dispuxo ordear que pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á tramitación do expediente administrativo que proceda para a **contratación laboral temporal de tres oficiais condutores**, con cargo ás prazas vacantes da mesma denominación existentes no Parque Móbil, incluídas na Oferta de Emprego Público 2018.

**IV.-** Consta no expediente informe de cuantificación económica do gasto para nomeamento laboral temporal con cargo as prazas vacantes de tres oficiais condutores.

**V.-** Consta no expediente informe de verificación administrativa das listaxes de reserva para a categoría de Oficiais condutores/as indicando as persoas que procede chamar como Oficiais condutores/as segundo o programa informático de xestión das referidas listaxes.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

#### **I.- Contratación de persoal laboral temporal:**

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), no artigo 7, establece que o persoal laboral ó servizo das Administracións Públicas se rexe, ademais de pola lexislación laboral e polas demais normas convencionalmente aplicables, polos preceptos do TREBEP que así o dispoñan.

A primeira cuestión que debe resaltarse é que o RD-lei 32/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo opta por unha regra xeral: O contrato de traballo debe ser prioritariamente fixo. Esta regra non se exceptiona no ámbito das Administracións Públicas, aínda que hai matizacións.

Tras o RD-lei 32/2021, solo hai, con carácter xeneral, dous tipos de contratos:

- O contrato temporal por circunstancias da produción, previsto no artigo 15.2 TRET (contrato por incremento ocasional u oscilacións de necesidades e o contrato para a atención de situacións ocasionais, previsibles e que teñan unha duración reducida e delimitada).
- O contrato por substitución de persoa traballadora, previsto no artigo 15.3 TRET (contrato de substitución dun traballador con reserva de posto de traballo e contrato de substitución para un proceso de cobertura dun posto de traballo).

Segundo a doutrina xurisprudencial emanada por noso Tribunal Supremo, o artigo 15.1 ET dispón que para entender que concorre a causa xustificativa da celebración de cada unha das modalidades de contrato temporal deberá especificarse con precisión no contrato a causa habilitante da contratación temporal, as circunstancias concretas que a xustifican e súa conexión coa duración prevista.

O RD-ley 32/2021 introduce tamén cambios na Lei de Infraccións e Sancións do Orden Social (LISOS), agravando as sancións por celebrar contratos temporais en fraude de ley.

Segundo o disposto no artigo 15.1.c) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores desenvolvido polo Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, as empresas –incluídas as administracións públicas- poderán realizar contratos de substitución para cubrir temporalmente un posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para súa cobertura definitiva.

Así establece o dito apartado “**Podrán celebrarse contratos de duración determinada para la sustitución de una persona trabajadora con derecho a reserva de puesto de trabajo, siempre que se especifique en el contrato el nombre de la persona sustituida y la causa de la sustitución. En tal supuesto, la prestación de servicios podrá iniciarse antes de que se produzca la ausencia de la persona sustituida, coincidiendo en el desarrollo de las funciones el tiempo imprescindible para garantizar el desempeño adecuado del puesto y, como máximo, durante quince días.**

*Asimismo, el contrato de sustitución podrá concertarse para completar la jornada reducida por otra persona trabajadora, cuando dicha reducción se ampare en causas legalmente establecidas o reguladas en el convenio colectivo y se especifique en el contrato el nombre de la persona sustituida y la causa de la sustitución.*

**El contrato de sustitución podrá ser también celebrado para la cobertura temporal de un puesto de trabajo durante el proceso de selección o promoción para su cobertura definitiva mediante contrato fijo, sin que su duración pueda ser en este caso superior a tres meses, o el plazo inferior recogido en convenio colectivo, ni pueda celebrarse un nuevo contrato con el mismo objeto una vez superada dicha duración máxima.”**

O contrato de substitución ten a mesma finalidade do denominado ata o RD-ley 32/2021 “contrato de interinidad”- Legalmente se prevén dúas posibilidades, o contrato de substitución dun traballador con reserva de posto de traballo e o contrato de substitución para un proceso de cobertura dun posto de traballo.

Na disposición adicional cuarta do RD-ley 32/2021 se habilita aos empregadores públicos a subscribir contratos de substitución para cubrir temporalmente un posto de traballo ata que finalice o proceso de selección para súa cobertura definitiva, así “*Igualmente se podrán suscribir contratos de sustitución para cubrir temporalmente un puesto de trabajo hasta que finalice el proceso de selección para su cobertura definitiva, de acuerdo con los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad y en los términos establecidos en la Ley*



## Concello de Vigo

20/2021, de 28 de diciembre, de medidas urgentes para la reducción de la temporalidad en el empleo público". É importante comparar esta previsión co disposto na nova redacción do artigo 15.3 TRLET, que especifica que o contrato de substitución poderá ser tamén celebrado para a cobertura temporal dun posto de traballo durante o proceso de selección. No Estatuto se fixa unha duración máxima para o contrato de substitución por cobertura de tres meses (ou menos, si así o indica o convenio colectivo), e sin que poda celebrarse un novo contrato co mesmo obxecto unha vez superada dicha duración máxima. No caso do sector público cabe interpretar que a disposición adicional cuarta introduce un suposto especial de este tipo de contrato de substitución, exclusivo de este sector, no que no aplica este límite máximo, que rexería solo para o privado. A redacción de ambos supostos é sutilmente diferente: no emprego público o contrato de substitución es lexítimo "hasta que finalice el proceso de selección para su cobertura definitiva"; no "*durante el proceso de selección (...), sin que su duración pueda ser en este caso superior a tres meses*".

Este tipo de contratos está previsto para cubrir temporalmente un posto de traballo ata que finalice o proceso de selección para súa cobertura definitiva. Non obstante, un quebro á cuestión aconteceu coa xurisprudencia do Tribunal Supremo a partir de xuño de 2020: **o contrato laboral en praza vacante, non podería exceder os tres anos, de tal forma que si elo acontecía –ou acontece no futuro- o traballador interino laboral se transforma en indefinido non fixo.**

A contratación, deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. O artigo 4 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada dispón que:

*"1. El contrato de interinidad es el celebrado para sustituir a un trabajador de la empresa con derecho a la reserva del puesto de trabajo en virtud de norma, convenio colectivo o acuerdo individual.*

*El contrato de interinidad se podrá celebrar, asimismo, para cubrir temporalmente un puesto de trabajo durante el proceso de selección o promoción para su cobertura definitiva.*

*2. El contrato de interinidad tendrá el siguiente régimen jurídico:*

*a) El contrato deberá identificar al trabajador sustituido y la causa de la sustitución, indicando si el puesto de trabajo a desempeñar será el del trabajador sustituido o el de otro trabajador de la empresa que pase a desempeñar el puesto de aquél.*

*En el supuesto previsto en el segundo párrafo del apartado 1, el contrato deberá identificar el puesto de trabajo cuya cobertura definitiva se producirá tras el proceso de selección externa o promoción interna.*

*b) La duración del contrato de interinidad será la del tiempo que dure la ausencia del trabajador sustituido con derecho a la reserva del puesto de trabajo.*

*En el supuesto previsto en el segundo párrafo del apartado 1, la duración será la del tiempo que dure el proceso de selección o promoción para la cobertura definitiva del puesto, sin que pueda ser superior a tres meses, ni celebrarse un nuevo contrato con el mismo objeto una vez superada dicha duración máxima.*

*En los procesos de selección llevados a cabo por las Administraciones públicas para la provisión de puestos de trabajo, la duración de los contratos coincidirá con el tiempo que duren dichos procesos conforme a lo previsto en su normativa específica."*

O artigo 49.1.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores dispón que *“A la finalización del contrato, **excepto** en los contratos formativos y el contrato de duración determinada por causa de sustitución, la persona trabajadora tendrá derecho a recibir una indemnización de cuantía equivalente a la parte proporcional de la cantidad que resultaría de abonar doce días de salario por cada año de servicio, o la establecida, en su caso, en la normativa específica que sea de aplicación.”*

O/a persoal laboral contratado/a percibirá o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 233-Oficial condutor), adscrito ao Servizo de Parque Móbil, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

## **II.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Consta o escrito da enxeñeiro de camiños conformado polo concelleiro delegado competente solicitando a cobertura das vacantes, así como a instrución de servizo na que se ordena o inicio do presente expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de



## Concello de Vigo

xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

### III. - Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente a **contratación laboral** proposta, *“Infórmaselle que que o custo para o presente ano 2022, no caso de que a relación laboral se iniciase no mes de agosto sería o seguinte:*

2022 5 meses	N.º EFECTIVOS	RETRI.FIXAS	SEG.SOC.
Oficial Conductor	3	31.753,90	11.989,20

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 92021300000 do orzamento do exercicio 2022 no que respecta a retribucións por importe de 31.753,90 € e por importe de 11.989,20 € , seguridade social empresa a aplicación orzamentaria 920.2.160.0000.”

### IV. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente *“Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Oficiais condutores/as, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.*

*Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Oficiais condutores/as de R.A. Vázquez Rodríguez, con DNI \*\*\*4731\*\*, D. Bernández Rodríguez, con DNI \*\*\*4796\*\* y B. Vázquez Martínez, con DNI \*\*\*2535\*\*, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica..”*

O referido efectivo aceptou expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar á referida contratación laboral temporal con cargo á praza vacante de oficial de instalacións municipais producida o 29/12/2019, con posterioridade á aprobación da OEP 2019, segundo o disposto no artigo 10.1 a) do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, acreditando nesta Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

### V. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e

Formación e da Sra. Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos de alcaldía en datas 18/06/2019, 26/06/2019 e 02/09/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019, 04/07/2019 e 05/09/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia para proceder a contratación laboral temporal nas seguintes condicións:

- Categoría profesional: Oficial condutor (cód. Retributivo cód. 233-Oficial condutor),
- Modalidade legal: Contrato de substitución para a cobertura temporal dun posto de traballo durante o proceso de selección para súa cobertura definitiva en base ao 15.1.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores desenvolvido polo Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, e o RD-lei 32/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.
- Destino: Parque Móbil.
- Período temporal: Ata a cobertura definitiva cun prazo máximo de 3 anos, momento en que finalizará o contrato sin dereito a indemnización.
- Custe económico: Segundo informe técnico obrante no expediente.

2022	5 meses Oficial Conductor	N.º EFECTIVOS 3	RETRI.FIXAS 31.753,90	SEG.SOC. 11.989,20
------	------------------------------	--------------------	--------------------------	-----------------------

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 92021300000 do orzamento do exercicio 2022 no que respecta a retribucións por importe de 31.753,90 € e por importe de 11.989,20 € , seguridade social empresa a aplicación orzamentaria 920.2.160.0000.”

*Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.*

**SEGUNDO:** Contratar na modalidade referida con cargo ás prazas vacantes de oficial condutor incluídas na OEP 2018 a **R.A. Vázquez Rodríguez, con DNI \*\*\*4731\*\***, **D. Bernández Rodríguez, con DNI \*\*\*4796\*\*** y **B. Vázquez Martínez, con DNI \*\*\*2535\*\*\***, na súa condición de seguintes aspirantes da lista que superaron todos os exercicios do proceso selectivo, e de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que aos interesados se lle formalizará contrato laboral-temporal de substitución para a cobertura temporal dun posto de traballo durante o proceso de selección,



## Concello de Vigo

ao abeiro do disposto nos artigos 15.1.c), do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e R.D. 2720/98, debendo subscribilo seu contrato laboral-temporal no prazo dun mes a contar desde o seguinte á notificación da presente acordo e, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 233-oficial condutor, vacante na Relación de Postos de traballo vixente na actualidade e, sendo adscrito ao Servizo de Parque Móbil, extinguíndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente as prazas de oficial condutor incluídas na OEP 2018, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público, en todo caso no prazo máximo de tres anos.

**CUARTO:** A xornada laboral dos traballadores contratados desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá -07,30 a 15 h- ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo ao aspirante contratado, a Xefatura do Servizo de parque Móbil, ao persoal incluído no grupo II da Área de Recursos Humanos e Formación, a Intervención Xeral, Inspección de persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(653).- NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO INTERINO DUN TÉCNICO ECONOMISTA PARA EXECUCIÓN DUN PROGRAMA TEMPORAL EN DIRECCIÓN DE INGRESOS. EXPTE. 40351/220**

Visto o informe de fiscalización do 26/07/2022, dáse conta do informe-proposta do 20/07/2022, asinado pola técnica de Administración Xeral da Área de Recursos Humanos e Formación (Resolución 15/07/2022) e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

I.- Mediante escrito que obra unido ao expediente, asinado pola Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e o Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, se solicita

coa maior urxencia posible a adscrición ao programa de actuación catastro - expediente 2884-500 do técnico de administración especial-economista.

**II.-** Consta incorporado ao expediente certificado do acordo da Xunta de Goberno Local na sesión de 07/04/2022 polo que se aproba o programa “actuación para desenvolver procesos de mantemento catastral segundo o Convenio vixente e a partir da información da xerencia de urbanismo, servizo de patrimonio-inventario de bens inmobles e viais, área de fomento así como incorporación da información á plataforma municipal VCI+ (expte 2884-500)

**III.-** Consta doc nº 220174160 asinado pola Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e o Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda segundo o cal “o programa foi aprobado por un prazo máximo de tres anos pola Xunta de Goberno Local con data 7 de abril de 2022, á data de hoxe pode estimarse unha duración máxima de dous anos para o cumprimento das actuacións a desenvolver”.

**IV.-** A vista da petición formulada a Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal en data 14/07/2022 ditou orde de incoación: “Dispoño ordear que pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á tramitación urxente de expediente administrativo para que polo procedemento legal oportuno, se proceda a atender á solicitude de persoal formulada, na modalidade oportuna.”

**V.-** Consta informe técnico que inclúe a proposta de gasto coas consideracións que obran no expediente.

**VI.-** Consta informe de verificación administrativa das listaxes de reserva, indicando a persoa a que corresponde chamar na categoría de técnico/a Economista, á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica,

En consecuencia, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **I.- Normativa de aplicación:**

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:  
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la





## Concello de Vigo

normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que “el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

### **II.- Nomeamento de funcionarios interinos por execución de programas de carácter temporal:**

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por

razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorran algunhas das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa “la ejecución de programas de carácter temporal, que no podrán tener una duración superior a tres años, ampliable hasta doce meses más por las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto” (letra c) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que “los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, apartado 3, letra c) pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, **neste caso ao remate do programa temporal, que acontecerá no prazo máximo de dous anos, sen dereito a compensación algunha.**

Elo segundo consta no doc nº 220174160 asinado pola Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e o Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda segundo o cal “o programa foi aprobado por un prazo máximo de tres anos pola Xunta de Goberno Local con data 7 de abril de 2022, á data de hoxe pode estimarse unha duración máxima de dous anos para o cumprimento das actuacións a desenvolver”.

Ademais a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento por execución de programa temporal, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 20.09.2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade; referencia que, no presente suposto tómase conforme ao posto de traballo de técnico/a Economista (código retributivo 65).

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.



## Concello de Vigo

### III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

### IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica unida ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-posto.

Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa, 1 persoa está en condicións de ser nomeada por presentar correctamente a documentación e aceptar o nomeamento.

### V. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica emitido ao expediente, o custe dun técnico/a economista baixo a modalidade prevista no artigo 10.1 c) do TREBEP, por un prazo máximo de dous anos sería o seguinte:

*"Infórmase que que o custo para o presente ano 2022, no caso de que a relación laboral se iniciase no mes de agosto sería o seguinte:*

2022	N.º EFECTIVOS	RETRI.FIXAS	SEG.SOC.
5 meses Economista	1	19.645,79	5.139,12
2023 12 meses Economista		48.328,65	12.642,23
2024 7 meses Economista		28.896,51	7.559,00

TOTAL CUSTO

96.870,95

25.340,34

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2022 no que respecta a retribucións por importe de 19,645,79 €, por importe de 48.328,65 € para o 2023 e de 28.896,51 € para 2024 e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social para o ano 2022 por importe de 5.139,12€ ; de 13.642,23 para o 2023 e de 7.559,00 € para o 2024..

Indícase que para o cálculo dos importes do 2023 e 2024 aplicouse un incremento do 2,5%."

Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

#### VI. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Segundo informe administrativo de verificación consta:

- "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de técnico/a Economista, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.
- Que salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como técnico Economista por execución dun programa temporal por un máximo de dous anos, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, ás seguintes candidatas/os:

NÚM. ORDE	DNI**	NOME E APELIDOS
1	***7342**	M.A. Crespo Cibrán

#### VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

*"1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales*



## Concello de Vigo

*públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.*

*2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:*

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

### **VIII.- COMPETENCIA**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal (delegacións competenciais por Decretos da Alcaldía do 16/04/2021 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**“PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionarios/as interinos/a nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: técnico/a economista
- Modalidade legal: funcionario interino por execución dun programa temporal (artigo 10.1, letra c) do TREBEP).
- Destino: Dirección de Ingresos
- Período temporal: Prazo máximo de dous anos, sen dereito a compensación algunha (artigo 10.3 letra c) do TREBEP).
- Custe económico: Segundo informe técnico

2022

N.º EFECTIVOS    RETRI.FIXAS    SEG.SOC.

S.ord. 04/08/2022

	5 meses Economista	1	19.645,79	5.139,12
2023	12 meses Economista		48.328,65	12.642,23
2024	7 meses Economista		28.896,51	7.559,00
	<b>TOTAL CUSTO</b>		<b>96.870,95</b>	<b>25.340,34</b>

O custo do referido nomeamento imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2022 no que respecta a retribucións por importe de 19.645,79 €, por importe de 48.328,65 € para o 2023 e de 28.896,51 € para 2024 e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social para o ano 2022 por importe de 5.139,12€ ; de 12.642,23 para o 2023 e de 7.559,00 € para o 2024..

Indícase que para o cálculo dos importes do 2023 e 2024 aplicouse un incremento do 2,5%.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionario interino por execución de programa temporal, nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, a:

NÚM. ORDE	DNI**	NOME E APELIDOS
1	***7342**	M.A. Crespo Cibrán

de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

**TERCEIRO:** Dispoñer que a xornada laboral do efectivo nomeado desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, Directora de Ingresos, Intervención Xeral Municipal, persoal integrado no Grupo II da Área de RRHH e Formación, inspección de persoal, e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **5(654).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO Á FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “CONVENIO XESTIÓN ILLAS CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE”. EXPTE. 8183/104.**

Visto o informe xurídico do 18/07/2022 e o informe de fiscalización do 27/07/2022, dáse conta do informe-proposta do 06/07/2022, asinado pola técnica de Actividades Turísticas, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En data do Rexistro Xeral 3 de xuño de 2022, a Fundación Vigo Convention Bureau (en adiante, FVCB) presenta escrito de solicitude de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” durante o ano 2022 (Nº Doc. 220121169), por importe total de 250.000,00€, con cargo á aplicación presupostaria 4320.4800000 “Convenio de xestión das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico.

#### **ANTECEDENTES**

A FVCB é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego. A FVCB non dispón de recursos propios para o desenvolvemento das accións a que se refire este convenio, na condición de patrón, o Concello de Vigo é o único promotor das actividades previstas. Así mesmo o carácter público da fundación fai que non sexa necesario o establecemento de garantía.

A FVCB ten como fin o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunión, captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo.

Tal e como se recolle no artigo 30 dos seus estatutos, os recursos económicos da FVCB se compoñen dos seguintes elementos :

- Dotación inicial.
- As achegas económicas dos patróns fundadores, das entidades colaboradoras e ingresos doutra índole. A contía anual das achegas decidírase por parte do Padroado.
- Os ingresos procedentes da facturación dos seus servizos e actividades, sempre e cando se obteña, se fose precisa, a preceptiva autorización do Protectorado e concorran as demais condicións previstas na Lei 12/2006, de Fundacións de interese galego e disposicións regulamentarias.
- Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.
- Os rendementos do seu patrimonio.
- Subvencións, axudas, bens ou legados, así como os derivados de patrocinios.
- Os créditos e prestamos que lle sexan concedidos.

A FVCB ten entre as súas actividades, segundo dispón o artigo 5 dos seus estatutos, as seguintes:

-Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexos con esta actividade.

-Coordinar con autoridades, organización e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias.

A FVCB, consonte co previsto no artigo 15, aprobou na reunión do padroado de data 4 de xullo de 2022 certifica a aprobación do Anexo I do “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación VCB para a promoción turística da cidade de Vigo e a difusión das actividades de promoción conducentes á presentación da candidatura das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade durante o ano 2022”

O Concello de Vigo e a FVCB veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2010. A FVCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no ámbito das súas competencias.

A FVCB no marco das súas funcións de promoción, en colaboración co Concello de Vigo, está interesada na realización do presente convenio de colaboración en relación ó obxecto de que a FVCB de continuidade a unha serie de accións de difusión e marketing para a concienciación e información á cidadanía, fundamentais no proceso de presentación da candidatura “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” durante o ano 2022.

Esta actuación non pode resolverse cos medios humanos e materiais cos que conta o Concello de Vigo e non parece oportuno incrementalos para unha actuación puntual. Doutra banda o carácter unitario e participativo da FVCB de todo o sector turístico de Vigo aconsella que a difusión e promoción da candidatura se realice a través de este ente no que participa o Concello de Vigo.

A obtención da declaración das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade suporía para a cidade o recoñecemento dese recurso turístico, tanto a nivel nacional como internacional, que sentaría as bases dun novo enfoque na promoción turística da cidade.

## **DOCUMENTACIÓN**

A FVCB presenta a documentación relativa ao expediente de transferencia, que está integrada pola seguinte documentación:

-Anexo I. Memoria e orzamento do proxecto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” durante o ano 2022.

-Certificado de aprobación do Anexo I do “ Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a FVCB para a promoción turística da cidade de Vigo e a difusión das accións de promoción conducentes á presentación da candidatura das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade durante o ano 2022” de data 4 de xullo de 2022.

-Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria.

-Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social.

-Certificado de estar ao corrente de pagos con Facenda.

-Certificación da conta bancaria.

O certificado de estar ao corrente co Concello de Vigo, aportárase polo Concello de Vigo Revisada a memoria que contén as actuacións que desenvolveranse no ano 2022, no marco das actividades fundacionais recollidas no artigo 5 dos Estatutos da FVCB e que cumpren cos fins fundacionais dispostos no artigo 4 dos mesmos estatutos.





## Concello de Vigo

### **XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FVCB E LEXISLACIÓN APLICABLE**

O Concello de Vigo de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

O Decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados de data 18 e 26 de xuño de 2019 e Resolución de alcaldía, de modificación delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área, de data 17 de agosto de 2020, establece na Concelleira Delegada da Área de Turismo entre outras, a seguinte facultade: Dirección da FVCB. Vicepresidencia do padroado, e co obxecto de xestionar como mellor procede esta colaboración.

De acordo co disposto no artigo 2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, as fundacións públicas están suxeitas á Lei de Contratos do Sector Público na forma e termos previstos na mesma.

Ata o ano 2017, a xestión da colaboración do Concello de Vigo coa FVCB para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura das "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade", viñan desenvolvéndose da cordo co establecido no art. 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, por unha subvención nominativa, enmarcado nun convenio de colaboración, no que se establecían as condicións e obrigas derivadas da subvención.

A Lei xeral de subvencións establece no artigo 2.2 " No están comprendidas no ámbito de aplicación de esta lei, as achegas dinerarias entre diferentes administracións públicas, para financiar globalmente a actividade da Administración á que vaian destinadas e as que se realicen entre os distintos axentes dunha administración cuxos presupostos se integren nos Presupostos Xerais da Administración á que pertenzan, tanto si se destinan a financiar globalmente a súa actividade como a realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teñan atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública".

Á vista do informe do servizo de Intervención de data de 9 de febreiro de 2018 (expte.6936-104) de transferencia de financiamento do Concello de Vigo á FVCB para o seu funcionamento durante o exercicio 2018, no que alude ao Convenio Cíes 2018 como: "A estimación dos ingresos que presenta a FVCB inclúe o concepto Convenio 250.000,00€, o servizo xestor na súa execución debe considerar o disposto no artigo 2.2 da Lei Xeral de Subvencións."

Polo exposto, a fórmula de subvención nominativa substitúese pola de transferencia de financiamento non suxeita a Lei xeral de subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pagamentos e as obrigas das partes que establecerase a través dun convenio de colaboración, que recolle os contidos mínimos esixidos para a concesión desta transferencia do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público. A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da achega municipal, así como a actividade de FVCB, excluída totalmente do réxime subvencional, debe realizarse pola Intervención Xeral.

A maiores e toda vez que entre en vigor o RD 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades Locais, a auditoría das contas anuais das Fundacións locais formarán parte do Plan Anual de Control Financeiro a elaborar polo órgano interventor, segundo informe do Servizo de Intervención de data 9 de febreiro de 2018 (Expte 6936-104).

De conformidade con artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio, así mesmo, queda facultada a Concelleira Delegada da área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio.

#### **PROPONSE.-**

1º.- Que se aprobe o texto do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA DAR CONTINUIDADE Á DIFUSIÓN DAS ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN CONDUCENTES A PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA DAS “ILLAS CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE” DURANTE O ANO 2022”.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 250.000,00€ (dous centos cincuenta mil euros), en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Fundación Vigo Convention Bureau, CIF G-27722883, con cargo á aplicación presupostaria 4320.4800000 (Convenio de xestión das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade) do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA DAR CONTINUIDADE Á DIFUSIÓN DAS ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN CONDUCENTES A PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA DAS “ILLAS CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE” DURANTE O ANO 2022. (EXPTE 8183-104)

En Vigo, na data de sinatura dixital

#### **REÚNENSE**

A Concellería de Turismo (en adiante CONCELLERÍA) no seu nome e representación D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Carmen Lago Barreiro en virtude do seu cargo de Concelleira-delegada da área de Turismo e Xuventude do Conce-



## Concello de Vigo

llo de Vigo, con enderezo na Praza do Rei Nº1, CP. 36202,(CIF P3605700H), para o que foi nomeada polo decreto de delegación de Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 e Resolución de alcaldía, de modificación delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área, de data 17 de agosto de 2020 , no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo.

Doutra parte, D. Pablo Cameselle Martínez, na condición de Director Xerente da Fundación Vigo Convention Bureau, (en adiante FVCB) con CIF G27722883, con enderezo social na rúa Cánovas del Castillo 3, Estación Marítima de Ría – local 2

D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Municipal, da fe do acto

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

### MANIFESTAN

**I.-** Que a **FVCB** é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego.

A FVCB consta no Inventario de entidades da Secretaría General de Financiación Autonómica y Local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas como Fundación da Administración Pública a Fundación Convention Bureau ( A A PP - 0 1 / 1 2 / 2 0 1 8). Asemade conforme o acordo co disposto no artigo 2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, as fundacións públicas están suxeitas á Lei de Contratos do Sector Público na forma e termos previstos na mesma e conforme o RD 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades Locais, a auditoría das contas anuais das Fundacións locais formarán parte do Plan Anual de Control Financeiro a elaborar polo órgano interventor.

O fin da FVCB é o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación e desenvolvemento das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunións e a captación de congresos, convencións e viaxes para a cidade de Vigo.

A FVCB ten entre as súas actividades, segundo dispón o artigo 5 dos seus estatutos, as seguintes:

-Coordinar con autoridades, organización e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias.

-Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexos coas actividades turísticas.

-Crear e consolidar unha conciencia pública en relación coa trascendencia económica do turismo e especialmente co turismo de congresos e reunións.

-Realizar e xestionar o rexistro de empresas organizadoras e proveedoras de bens e servizos relacionados coa actitude de turismo de reunións.

-Producir e distribuir a guía profesional de congresos, que aglutine toda a información cun inventario de recursos turísticos e infraestruturas para a celebración de eventos.

-Coordinar coas áreas municipais correspondentes a correcta utilización dos servizos municipais.

-Proporcionar información turística en distintos soportes e publicación de interese para os delegados.

-Realizar as explotacións económicas de elaboración, edición, publicación e venda de libros, revistas, folletos, merchandising, material audiovisual e material multimedia sobre a cidade de Vigo.

A FVCB, consonte co previsto no artigo 15 dos Estatutos de Fundación, aprobou na reunión do padroado de data 4 de xullo de 2022 certifica a aprobación do Anexo I do “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación VCB para a promoción turística da cidade de Vigo e a difusión das actividades de promoción conducentes á presentación da candidatura das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade durante o ano 2022”

**II.-** Que o **Concello de Vigo** de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

**III.-** Que o **Concello de Vigo e a FVCB** veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidades dende o ano 2010. A FVCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuación que se atopan no marco das súas competencias de creación, promoción e mellora dos bens turísticos de Vigo.

**IV.-** Que o **Concello de Vigo** esta interesado en continuar os trámites conducentes á difusión das accións de promoción para á presentación da candidatura “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” iniciados no ano 2015.

A UNESCO, Organización das Nación Unidas para a Cultura, Ciencia e Educación, concede a través dun programa específico fundado pola Convención sobre a Protección do Patrimonio Cultural e Natural, o título de Patrimonio da Humanidade a sitios específicos do planeta de excepcional importancia cultura ou natural previamente nomeados e confirmados para a súa inclusión na lista elaborada polo Programa Patrimonio da Humanidade, a cal, alén do recoñecemento unha excepcional visibilidade, permite acompañar o desenvolvemento da “marca cidade” ou “destino turístico”.

Ata a data en Galicia foron declarados Patrimonio da Humanidade, a cidade Vella de Santiago de Compostela, o Camiño de Santiago, a Torre de Hércules e a Muralla Romana de Lugo.

A inclusión na lista de Patrimonio da Humanidade implica que recurso proposto teña un “sobresaliente valor universal”. Tal inclusión esixe que satisfaga polo menos un dos dez criterios de selección. No caso que nos ocupa as Illas Cíes cumpren cos apartados 7, 9 e 10 do decálogo:

- Conter fenómenos naturais superlativos ou áreas de excepcional beleza natural e importancia estética
- Ser un dos exemplos eminentes de procesos ecolóxicos e biolóxicos no curso da evolución dos ecosistemas.
- Conter os hábitats naturais máis representativos e máis importantes para a conservación da biodiversidade, incluíndo aqueles que conteñen especies ameazadas de destacado valor universal desde o punto de vista da ciencia e o conservacionismo.

**V.-** Que a **FVCB** no marco das súas funcións de promoción, en colaboración co Concello de Vigo, está interesada na realización do presente convenio de colaboración en relación ao obxecto de que a FVCB



## Concello de Vigo

desenvolva as accións que ten entre as súas competencias, para continuar as actuacións de difusión conducentes á posta en marcha da candidatura das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade”, así como todas aquelas funcións de promoción para a consecución da mesma.

A obtención da declaración das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” suporía para o turismo de Vigo e para a FVCB o recoñecemento dun recurso turístico, tanto a nivel nacional como internacional, que sentaría as bases dun novo enfoque na promoción turística da cidade.

**VI.-** Que o **Concello de Vigo** no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 4320.4800000 prevé unha transferencia Convenio das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade, polo importe de 250.000,00€ (dous centos cincuenta mil euros).

A figura do Convenio enmárcase dentro dos instrumentos axeitados de colaboración entre Administracións Públicas para o desenvolvemento de obxectivos de interese común, de conformidade co previsto no Capítulo VI (arts. 47 a 53) da Lei 40/2015, de réxime xurídico do Sector Público. Concretamente o convenio proposto serve como medio de instrumentación dunha transferencia de financiamento prevista no orzamento municipal. Conforme o disposto no artigo 2.2 da Lei xeral de subvencións está excluída do ámbito de aplicación da lei as achegas dinerarias entre diferentes administracións públicas, para financiar globalmente a actividade da Administración á que vaian destinadas e as que se realicen entre os distintos axentes dunha administración cuxos presupostos se integren nos Presupostos Xerais da Administración á que pertencen, tanto si se destinan a financiar globalmente a súa actividade como a realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teñan atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública”.

**VII.-** Que o **Concello de Vigo** desenvolveu nos últimos anos, o Plan de Competitividade de produto Turístico “Turismo Urbano e de Ría” (PCPT Vigo) co obxecto, entre outros, de aumentar a demanda de visitantes, promover a internacionalización do turismo, aumentar os ingresos e rendabilidade da actividade turística local e a desestacionalización do turismo.

O PCPT Vigo “Turismo urbano e de Ría” desenvolveu un significativo número de programas e produtos turísticos, segmentado e con grande capacidade de comercialización entre os que de xeito destacado se atopan a Ría de Vigo e as Illas Cíes.

As Illas Cíes son o recurso turístico por excelencia da cidade de Vigo, segundo recurso turístico máis visitado de Galicia, polo que precisan da xestión adecuada para a posta en marcha de accións conducentes á difusión da candidatura “Illa Cíes Patrimonio da Humanidade”, así como aquelas de promoción da mesma.

Os Decretos de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados de datas 18, 20 e 26 de xuño de 2019 e Resolución de alcaldía, de modificación delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área, de data 17 de agosto de 2020, establece na Concelleira Delegada da Área de Turismo, entre outras, a seguinte facultade: Dirección da FVCB. Vicepresidencia do padroado, e co obxecto de xestionar como mellor procede esta colaboración.

En base ás precedentes consideracións e ao interese turístico da cidade, o Concello de Vigo e a FVCB conveñen formalizar o presente convenio de colaboración durante o ano 2022.

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a instrumentalización dunha transferencia de financiamento para a execución do proxecto “ILLAS CIES PATRIMONIO DA HUMANIDADE 2022” (Anexo I) en reunión do padroado de data 4 de xullo de 2022, que certifica a aprobación a aprobación do Anexo I do “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación VCB para a promoción turística da cidade de Vigo e a difusión das actividades de promoción conducentes á presentación da candidatura das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade durante o ano 2022”

## **SEGUNDA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU.**

A FVCB, comprométese a colaborar coa CONCELLERÍA, para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade”, o período establecido para o desenvolvemento das anteditas actividades será o ano 2022, conforme co programa recollido no Anexo I, cuxas liñas de actuación son as seguintes:

- III Desafío Audiovisual Illas Cíes.
- Programa Ciestalent.
- Concurso “ Cíes : O paraíso de todos”
- Concurso #Siento Cíes
- Caderniños temáticos.
- Banners e microsite promocional.
- Acción de promoción e edición de material.
- Accións de difusión turismo cinematográfico:
  - Adhesión á Spain Film Commission.
  - Vídeo promocional Vigo estudio de cinema.
  - Concurso micro curtos “O Nadal de Vigo”
  - Accións de promoción.
  - Xestión de marca e edición de materiais.

Así como o desenvolvemento das seguintes actuacións:

- 1.- Levar a cabo a continuidade das accións de difusión e marketing para a concienciación e información á cidadanía sobre o proceso da candidatura das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade”.
- 2.- Dar continuidade as actividades de promoción das Illas Cíes necesarias para a concienciación previa á posta en marcha da obtención da declaración.
- 3.- Dotar do material e equipamento adecuado para conseguir os obxectivos do programas.
- 4.- Desenvolvemento das accións de difusión da potencial candidatura, tanto en medios físicos como en redes sociais.



## Concello de Vigo

5.- Asumir todos os custos directos e indirectos que se deriven do desenvolvemento das actividades.

6.- Establecer a través de recursos propios ou externos o asesoramento e xestión das necesidades vencelladas coas tarefas descritas.

7.- Comunicar á Concelleira-delegada da área de Turismo calquera modificación que se produza no programa de actividades que conforma o Anexo I, sempre e cando ditas modificacións non supoñan un incremento sobre o importe da transferencia de financiamento previsto neste convenio.

8.-A FVCB deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas e remisión da información e cumprimentación nas plataformas do Ministerio de Facenda por formar parte das Fundacións do grupo Concello de Vigo incluídas no perímetro de consolidación, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da transferencia.

Antes de conceder o pago a FVCB deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social.

### **TERCEIRA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA**

A CONCELLERÍA comprométese a xestionar o pagamento á FVCB, para continuar coa execución e desenvolvemento das accións de difusión e promoción do proxecto de candidatura “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” durante o ano 2022, polo importe de 250.000,00€ (douscentos cincuenta mil euros).

### **CUARTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS ACHEGAS.**

Actuacións sustentabilidade e economía circular	91.507,15 €	73.205,72 €	18.301,43 €
Actuacións de sensibilización e formación	15.000,00 €	12.000,00 €	3.000,00 €
Asistencias técnicas externas (*)	30.000,00 €	24.000,00 €	6.000,00 €
Importe Sen IVE	2.019.772,13 €	1.615.817,70 €	403.954,43 €





## Concello de Vigo

IVE	424.152,15 €	339.321,72 €	84.830,43 €
TOTAL CON IVE (*)	2.443.924,27 €	1.955.139,42 €	488.784,85 €

(\*) o IVE é un custo para o Concello de Vigo. Non é un gasto deducible.

**Solicitude de subvención: 1.955.139,42 €**

### CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN:

**PROYECTO: "Impulso dun novo eixo comercial contorna do Centro Vialia e nova estación de Ave Vigo-Urzáiz - Cidade da Xustiza" fase: IMPLANTACIÓN MEDIOS MECÁNICOS DE MOBILIDADE PEONIL RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ:**

<b>PRAZO PREVISTO DE EXECUCIÓN</b>	<b>11 MESES</b>		
------------------------------------	-----------------	--	--

### PREVISIÓN DE DESENVOLVEMENTO POR ETAPAS

	Inicio	Fin
<b>Fase de redacción e aprobación proxecto</b>		
Aprobación do Proxecto de Execución polo órgano competente. Proxecto contratado (04/08/2021) e en fase final de supervisión pola Oficina Municipal de Supervisión e Inspección de Obras		15/09/2022
<b>Fase de licitación, adxudicación e execución</b>		
Proceso de licitación das actuacións do proxecto.	20/10/2022	23/02/2023
Acta de reformulo e inicio da obra.		27/03/2023
Certificado Final de Obra (CFO)		26/02/2024
Acta de recepción das obra e subministros sen observacións.		25/03/2024

Atendendo ao desenvolvemento das actuacións xa executadas e tendo en conta o cronograma indicado, a execución do proxecto garante o cumprimento dos prazos indicados na convocatoria, existindo tempo suficiente para presentar a xustificación dos gastos realizados, en todo caso, antes do 30 de setembro de 2024.

En relación á execución orzamentaria das previsións indicadas no cronograma de execución, o Concello de Vigo conta na actualidade co crédito suficiente no exercicio 2022 para a licitación do proxecto, xa que o orzamento municipal canta coa seguinte aplicación orzamentaria: "1539.6090065 "Accesibilidade Ramplas Escultor Gregorio", cun crédito de 2.030.293,04 €

Por todo o exposto e de acordo co cumprimento de todas as obrigacións reguladas na Convocatoria de axudas para o FORTALECEMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS TURÍSTICAS, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia,

para a consecución dos obxectivos definidos en relación ao investimento 4.a, “Actuacións especiais no ámbito da competitividade. Fortalecemento da actividade comercial en zonas de gran afluencia turística”, para o financiamento de proxectos de impulso á competitividade, innovación e modernización da oferta comercial local ligada á chegada de visitantes a zonas comerciais turísticas, entre o obxecto destas axudas búscase que as entidades locais realicen investimentos dirixidos á introdución de melloras nas zonas comerciais turísticas, entre as cales se atopan a adaptación dos espazos públicos para mellorar a accesibilidade e a mobilidade e unha vez incorpórese ao expediente o correspondente informe de fiscalización, propónse á Junta de Goberno Local a aprobación dos seguintes acordos:

**Primeiro:** Aprobar la participación do Concello de Vigo na CONVOCATORIA 2022 DA LIÑA DE AXUDAS PARA O FORTALECIMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS TURÍSTICAS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, de acordo coa resolución da Secretaria de Estado de Comercio de data 30/06/2022, aceptando de forma expresa o procedemento regulado por esta Orde Ministerial e presentar o proxecto:

**“Impulso dun novo eixo comercial contorna do Centro Vialia e nova estación de Ave Vigo-Urzáiz - Cidade da Xustiza” fase: IMPLANTACIÓN MEDIOS MECÁNICOS DE MOBILIDADE PEONIL RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ,** conformado de acordo ao seguinte orzamento e cronograma de actuacións:

			80% financiable	Achega Concello Vigo
Actuacións de investimento na vía pública	1.734.747,21 €		1.387.797,77 €	346.949,44 €
Rede de sensores de comportamento social	45.000,00 €		36.000,00 €	9.000,00 €
Actuacións dixitalización comercial	103.517,76 €		82.814,21 €	20.703,55 €
Actuacións sustentabilidade e economía circular	91.507,15 €		73.205,72 €	18.301,43 €
Actuacións de sensibilización e formación	15.000,00 €		12.000,00 €	3.000,00 €
Asistencias técnicas externas (*)	30.000,00 €		24.000,00 €	6.000,00 €
Importe Sen IVE	2.019.772,13 €		1.615.817,70 €	403.954,43 €
IVE	424.152,15 €		339.321,72 €	84.830,43 €



## Concello de Vigo

TOTAL CON IVE (\*) 2.443.924,27 € **1.955.139,42 €** 488.784,85 €  
(\* ) o IVE é un custo para o Concello de Vigo. Non é un gasto deducible.

**Solicitud de subvención: 1.955.139,42 €**

### CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN:

**PROYECTO: "Impulso dun novo eixo comercial contorna do Centro Vialia e nova estación de Ave Vigo-Urzáiz - Cidade da Xustiza" fase: IMPLANTACIÓN MEDIOS MECÁNICOS DE MOBILIDADE PEONIL RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ:**

<b>PRAZO PREVISTO DE EXECUCIÓN</b>	<b>11 MESES</b>		
------------------------------------	-----------------	--	--

### PREVISIÓN DE DESENVOLVEMENTO POR ETAPAS

	Fase de redacción e aprobación proxecto	Inicio	Fin
	Aprobación do Proxecto de Execución polo órgano competente. Proxecto contratado (04/08/2021) e en fase final de supervisión pola Oficina Municipal de Supervisión e Inspección de Obras		15/09/2022
	Fase de licitación, adxudicación e execución	Inicio	Fin
	Proceso de licitación das actuacións do proxecto.	20/10/2022	23/02/2023
	Acta de reformulo e inicio da obra.		27/03/2023
	Certificado Final de Obra (CFO)		26/02/2024
	Acta de recepción da obras e subministros sen observacións.		25/03/2024

Atendendo ao desenvolvemento das actuacións xa executadas e tendo en conta o cronograma indicado, a execución do proxecto garante o cumprimento dos prazos indicados na convocatoria, existindo tempo suficiente para presentar a xustificación dos gastos realizados, en todo caso, antes do 30 de setembro de 2024.

**Segundo:** Aceptar todas as obrigacións e compromisos para o Concello de Vigo esixidos nas Bases Reguladoras e CONVOCATORIA 2022 DA LIÑA DE AXUDAS PARA O FORTALECIMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS TURÍSTICAS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, de acordo coa resolución da Secretaria de Estado de Comercio de data 30/06/2022.

**Terceiro:** Delegar no Segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da área de Fomento e Servizos, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira a competencia para a formalización da solicitude de subvención na convocatoria regulada pola CONVOCATORIA 2022 DA LIÑA DE AXUDAS PARA O FORTALECIMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS TURÍSTICAS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, de acordo coa resolución da Secretaria de Estado de Comercio de data 30/06/2022, en relación ao proxecto aprobado no punto primeiro deste acordo.

Dita delegación alcanza para todos os efectos, a conformación final do contido da documentación obrigatoria, así como a execución de todos trámites administrativos necesarios que requira a presentación da mesma a través do portal de axudas do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (<https://www.mincotur.gob.es/PortalAyudas>).

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(657).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTOS OS LOTES 1, 2, 3, 4, 5, 6 E 7 DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CATERING PARA RECEPCIÓNS EN EVENTOS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO. Expte. 18895/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do da proposta da Mesa de Contratación realizada o 03/08/2022, que di o seguinte:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (DECLARACIÓN PROCEDEMENTO DESERTO)

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións en eventos institucionais do Concello de Vigo (18.895-101)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011



## Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións en eventos institucionais do Concello de Vigo (18.895-101)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 14 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, para a contratación do servizo de catering para recepcións en eventos institucionais do Concello de Vigo (18.895-101).

**Segundo.-** O 18 de xullo de 2022 publicouse o anuncio no perfil de contratante, rematando o prazo de presentación de proposicións o 2 de agosto de 2022.

**Terceiro.-** Durante o prazo concedido só se presentou unha proposición a todos os lotes deste procedemento (lotes 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7) por LUCIMARCA SOCIEDAD DE RESPONSABILIDAD LIMITADA, segundo se indica no certificado expedido polo Rexistro Xeral o 3 de agosto de 2022 (documentos nº 220191355 e 220191357). Comprobada esta documentación a secretaria constata que as ofertas non están encriptadas.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación, na súa sesión do 3 de agosto de 2022, acordou non admitir a LUCIMARCA SOCIEDAD DE RESPONSABILIDAD LIMITADA nos lotes 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7 por ter presentado a súa proposición sen encriptar (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2 do PCAP *"A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador"*).

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que na sesión do 3 de agosto de 2022 se acordou non admitir ao único licitador presentado en todos os lotes desta licitación, LUCIMARCA SOCIEDAD DE RESPONSABILIDAD LIMITADA, procede decláralos desertos.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

*"Declarar desertos os lotes 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7 do procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións en eventos institucionais do Concello de Vigo (18.895-101) porque o único licitador presentado non foi admitido pola Mesa de Contratación por ter presentado a súa proposición sen encriptar (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2 do PCAP "A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador")"*.

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(658).- PROXECTO DE CONVENIO ESPECIFICO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DIRECTA A DIOCESE TUI VIGO A FESTIVIDADE DO CRISTO DA VICTORIA DE VIGO. EXPTE. 2340/150.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 3/08/2022 e o informe de fiscalización do 04/08/2022. Dáse conta do informe-proposta de data 03/08/2022, asinado pola adxunta á xefatura do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependente ou as Universidades públicas entre sí ou con suxeitos de dereito privado para un fin común

O artigo 25.2.a ) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local atribúe aos municipios competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e, concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

En data 02.09.2019 por Resolución da Alcaldía delegouse no concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, don Ángel Rivas González, a dirección e xestión da proxecto << *Convenio Marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio Cultural, titularidade eclesiástica sito no termo municipal*>> inclusive as facultades de emitir actos que afecten a terceiros e a formalización do convenio marco e convenios específicos.

O Concello en data 23 de novembro de 2020 asinou convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do Patrimonio Cultural de Titularidade Eclesiástica sito no ámbito municipal. No devandito convenio convénse que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

A Comisión de Seguimento en sesión de data 18 de xullo de 2022 e a proposta da Diocese de Tui - Vigo seleccionou como proposta de actuación a realizar ao abeiro de



## Concello de Vigo

dito Convenio a proposta de colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para financiar a Festividade do Santísimo Cristo da Victoria de Vigo, por importe de 51.342,38 €.

En data 22 de xullo de 2022 a Diocese achega solicitude de subvención para o financiamento da actuación achegando ao efecto memoria da actividade, presuposto, declaración de non solicitude nin obtención de axudas, certificados de estar ao corrente coa Seguridade social e obrigas tributarias co Estado e Comunidade Autónoma e certificado de representación.

O convenio instrumenta unha subvención que deberá cumprir o previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na normativa autonómica de desenvolvemento que no ámbito da Comunidade Autónoma ven determinada pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e regulamento de desenvolvemento

A subvención concederáse mediante sinatura de convenio específico para o financiamento das actuacións relacionadas coa festividade do Cristo da Victoria por importe de **51.342,38 euros** con cargo aos seguintes créditos orzamentarios do ano 2022:

–Aplicación orzamentaria 9120 4890002 (subvención por razóns humanitarias ou sociais) por importe de **22.737,00 euros**.

–Aplicación orzamentaria 9120 480003 (axudas intern. Humanitarias) por importe de **5.000 euros**.

–Aplicación orzamentaria 3380 4890000 (transferencias a entidades e comisións de festas) **por importe de 23.605,38 euros**.

O presuposto total da actividade subvencionada, segundo o detalle presentado pola citada entidade, ascende a 51.342,38 euros segundo orzamento aportado ao expediente 2340/150 dos que o Concello de Vigo aporta 51.342,38 o que supón o 100 %.

Fronte ao procedemento ordinario de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente no presuposto, e con carácter excepcional, daquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. A estes efectos no expediente consta memoria de conformidade co previsto no artigo 67.3.a do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e artigo 40.2 .a) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na que se acredita as razóns de interese público,

social, económico e cultural que xustifican o outorgamento directo da subvención e que se concretan no apoio ás actividades vinculadas coa celebración do Santísimo Cristo da Victoria, que contribúen á promoción cultural da nosa cidade, debido á gran afluencia de persoas que acoden ás celebracións, e na importancia destas na organización da procesión do Cristo da Victoria, símbolo indiscutible da nosa cidade.

A concesión da subvención directa instruméntase mediante convenio específico segundo o disposto na cláusula segunda do Convenio marco.

Neste senso, conforme o sinalado no artigo 67.3.a do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e artigo 40.2 .a) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consta memoria xustificativa da subvención. Así mesmo, consta proxecto borrador de convenio e conformidade ao mesmo por parte da Diocese de Tui-Vigo.

O órgano competente para a concesión da subvención corresponde a Xunta de Goberno Local en virtude das facultades delegadas por Resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 e posterior de data 17.08.2020.

Polo exposto, previo informe xurídico e de Intervención, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui- Vigo na festividade do CRISTO DA VICTORIA DE VIGO (Anexo I).

**SEGUNDO.-** Aprobar e dispoñer o gasto que comporta dita subvención por importe de 51.342,38 € euros imputándose ás seguintes partidas presupostarias do estado de gastos do presuposto:

–Aplicación orzamentaria 9120 4890002 (subvención por razóns humanitarias ou sociais) por importe de **22.737,00 euros**.

–Aplicación orzamentaria 9120 480003 (axudas intern. Humanitarias) por importe de **5.000 euros**.

–Aplicación orzamentaria 3380 4890000 (transferencias a entidades e comisións de festas) **por importe de 23.605,38 euros**.

**TERCEIRO.-** Publicar o convenio no portal de transparencia segundo o artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de transparencia, acceso e información pública e bo goberno.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.





**Concello de Vigo**

## **ANEXO I**

### **PROXECTO DE CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO CON MOTIVO DA FESTIVIDADE DO CRISTO DA VICTORIA DE VIGO**

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil vinte e dous

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Ángel Rivas González, concelleiro da área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, en virtude das facultades conferidas por Resolución de data 02.09.2019 respecto da dirección e xestión da proxecto << *Convenio Marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio Cultural, titularidade eclesiástica sito no termo municipal de Vigo*>>.

Doutra parte, D. Jesús Martínez Carracedo, ecónomo diocesano da Diocese de Tui-Vigo, con NIF \*\*\*9825>>, e domicilio en Rúa Dr. Corbal, 90 - 36207, Vigo. Ostenta a súa representación en virtude de certificación incorporada ao expediente, pola que se acredita o nomeamento episcopal, non revocado nin caducado, de data 26 de febreiro de 2018. En diante “Diocese”

E, D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Municipal por delegación da Secretaria de Goberno Local de data 27 de febreiro de 2020, aos meros efectos de asistencia ao Sr. Alcalde - Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a sinatura deste convenio,

#### **MANIFESTAN**

I.- Que o Concello de Vigo e a Diocese de Tui - Vigo declaran o seu interese coincidente na conservación, estudo e posta en valor do patrimonio histórico, cultural e artístico da Igrexa Católica no municipio de Vigo, no marco do disposto nos artigos 16 e 46 da Constitución Española, no artigo XV do Acordo Internacional entre o Estado Español e a Santa Sede, sobre Ensinanza e Asuntos Culturais de 3 de xaneiro de 1979, segundo o cal, a Igrexa reitera a súa vontade de continuar poñendo ao servizo da sociedade o seu patrimonio histórico, artístico e documental, e concertará co Estado, as bases para facer efectivos o interese común e a colaboración de ambas partes, co fin de preservar e dar a coñecer e catalogar este patrimonio cultural en posesión da Igrexa, de facilitar a súa contemplación e estudo, de lograr a súa mellor conservación e impedir calquera clase de perdas no marco do artigo 46 da Constitución.

II.- Que conforme o artigo 25.2.a ) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local os municipios teñen competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do

patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural. Neste senso o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da participación cidadá na celebración de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural de especial relevancia, asume a tarefa de proporcionar colaboración ás organizacións de toda índole entre as que cabe sinalar as de índole confesional. Nesta liña, se veñen desenvolvendo diversas actuacións coa Diocese de Tui-Vigo, impulsadas dende a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, para contribuír ao financiamento de obras de conservación de bens mobles e inmobles de titularidade eclesiástica radicados no concello de Vigo en pro da protección e posta en valor desta parcela do patrimonio cultural e para o fomento de actividades culturais.

III-.- Que, o Concello en data 23 de novembro de 2020 asinou convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír para o mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do Patrimonio Cultural de Titularidade Eclesiástica sito no ámbito municipal no que se prevé a proposta realización de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural.

IV.- Que no devandito convenio convense que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

IV.- Que a Comisión de Seguimento en sesión de data 18 de xullo de 2022 a proposta da Diocese de Tui - Vigo, acordou a colaboración do Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo na organización e financiamento das actuacións relacionadas coa festividade do Cristo da Victoria de Vigo.

V.- A Procesión do Santísimo Cristo da Victoria leva celebrándose en Vigo desde hai máis de douscentos anos, cando, trala liberación da ocupación francesa, o 28 de marzo de 1809, a corporación municipal decidiu organizar anualmente unha procesión transportando a imaxe do Cristo polas rúas da cidade, acompañada das autoridades e do pobo. Inicialmente a procesión celebraríase o día da Reconquista pero desde o ano 1883 pasou a desenvolverse o primeiro domingo de agosto. Desde entón miles de persoas veñen participando nela con gran devoción, converténdose nun símbolo indiscutible da cidade converténdose por si mesma e, con independencia da súa transcendencia relixiosa, nun polo de atracción turístico da cidade, en canto a número de asistentes.

IV.- Que no presuposto do Concello constan as seguintes partidas:

–Aplicación orzamentaria 9120 4890002 (subvención por razóns humanitarias ou sociais).

–Aplicación orzamentaria 9120 480003 (axudas intern. Humanitarias).

–Aplicación orzamentaria 3380 4890000 (transferencias a entidades e comisións de festas)



## Concello de Vigo

E, na súa virtude, ambas Institucións consideran oportuno subscribir un convenio específico de colaboración con arranxo ás seguintes,

### CLÁUSULAS

#### PRIMEIRO.-OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración e as obrigas entre o Concello de Vigo e Diocese Tui Vigo que do mesmo se deriva nas actuacións que conforman a festividade do Santísimo Cristo da Victoria de Vigo.

#### SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Vigo comprométese

- a) Organizar o acto do Pregón do Santísimo Cristo da Victoria que terá lugar o sábado 6 de agosto de 2022 nos xardíns do Pazo de Castrelos.
- b) Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas nestes convenio.
- c) Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidade necesarias.
- d) Colaborar na promoción do evento nos distintos medios de comunicación.
- e) Financiamento do custe das actuacións previstas a través da concesión dunha subvención polo importe máximo establecido na cláusula terceira.

A Diocese Tui Vigo comprométese a:

- a) Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no expediente.
- b) Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención nos termos do proxecto achegado ao expediente.
- c) Obter todos os permisos e autorizacións que no seu caso sexan necesarios para a realización das actividades (solicitudes de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos...).
- d) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil núm. 22702964/254 de Unión Mutua Asistencial Seguros, que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.
- e) Xestionar medios materiais e técnicos, así como a contratación dos traballos necesarios para o cumprimento do obxecto do convenio, así como o abono de todos os gastos derivados da súa realización.

- f) Facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á instalación para canda comprobación teñan que realizar aos efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal a efectos de comprobación de canda documentación e información lle sexa requirida.
- g) Publicitar as actividades incorporando os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada.
- h) Comunicar á Concellería de Distritos as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios no proxecto, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización das eventuais modificacións, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
- i) Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención do Concello de Vigo pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

### **TERCEIRA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO**

O presuposto total da execución dos traballos ascende a **51.342,38 euros**.

O Concello de Vigo contribuirá ao financiamento da actuación coa cantidade de **51.342,38 euros** (IVE incluído ) equivalente ao custo da actividade.

Este financiamento realizarase efectivo con cargo ás seguintes aplicacións presupostarias:

–Aplicación orzamentaria 9120 4890002 (subvención por razóns humanitarias ou sociais) por importe de **22.737,00 euros**.

–Aplicación orzamentaria 9120 480003 (axudas intern. Humanitarias) por importe de **5.000 euros**.

–Aplicación orzamentaria 3380 4890000 (transferencias a entidades e comisións de festas) **por importe de 23.605,38 euros**.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A estes efectos a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.



## Concello de Vigo

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actuación subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

### CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1.- O prazo de xustificación finalizará o 1 de novembro de 2022. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 30/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a Diocese Tui-Vigo está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

2.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha **conta xustificativa** conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse mediante a presentación de facturas a través do **Rexistro electrónico do Concello de Vigo** polo total do orzamento. Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi

declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A xustificación deberá facerse con documentos electrónicos pola parte subvencionada. Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.
- Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.

En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

Así mesmo, achegarase copia, de ser o caso, das autorizacións para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.

#### **QUINTA.- PAGO DA SUBVENCIÓN**

O pago da subvención realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES64 2080 5000 6930 4002 8663 entidade bancaria A Banca da que é titular a entidade beneficiaria.

O CONCELLO xestionará o pagamento á Diocese Tui Vigo polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa.

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. Non será necesario aportar nova certificación se a aportada na solicitude no expirou o prazo de seis meses de validez.

A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Distritos do Concello de Vigo. O instrutor dos expedientes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas



## Concello de Vigo

aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

A instrutora do expediente emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

### **SEXTA.- SUBCONTRATACIÓN**

Aos efectos de aplicación deste convenio, admítese a subcontratación total das actividades subvencionadas para a execución do mesmo.

### **SÉTIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de desenvolvemento do convenio.

### **OITAVA.- REINTEGRO**

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 33 da Lei 9/2007, de subvenciones de Galicia.

Tal e como establece o art. 32.2 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o importe da subvención fíxase como unha aportación certa, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para o total financiamento da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebasara o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

### **NOVENA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN**

En canto ás infracción e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **DÉCIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia e no regulamento da dita lei.

O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condicións establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás accións que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, A Diocese Tui Vigo quedaría obrigada ao reintegro delas cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incurrir, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por parte do Concello de Vigo, a Comisión de Seguimento constituída ao abeiro do Convenio Marco resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En calquera momento durante a vixencia deste convenio, as partes por mutuo acordo e de forma expresa poderán modificar este convenio, mediante a subscrición da correspondente addenda, previo cumprimento de todos os trámites e requisitos que resulten preceptivos.

A resolución de concesión poderá modificarse, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade

## **DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO**

Será motivo de resolución do convenio incurrir nalgunha das seguintes causas:

1.- Acordo unánime de todos os asinantes.

2.- Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar a parte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio.

A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo o valor económico das obrigas deixadas de cumprir.

3.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

4.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.

## **DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto





## Concello de Vigo

respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN**

En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións artigo 20.4 e 20.8.b).

### **DÉCIMO CUARTA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE**

Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito do texto refundido da Lei de contratos do sector público, en virtude dos establecido no artigo 6 do devandito texto legal.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquidaranse ante a orde xurisdiccional contenciosa administrativo.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo no lugar e data que se indican.

### **10(659).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e trinta minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez